

Convenio colectivo da empresa Bombones Suguimar de Lugo (Ano 2004)¹

Artigo 1º.-Ámbito persoal.

As estipulacións deste convenio colectivo obrigarán a empresa e os seus traballadores, que se rexerán, no non estipulado por este, pola ordenanza laboral para as industrias da alimentación.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

A eficacia e obrigatoriedade deste convenio colectivo alcanza os límites territoriais de Lugo e a súa provincia, quedando por iso afectados a este cantos centros de traballo teña a empresa e aquelas sucursais que, dependendo dela, están domiciliadas dentro dos ditos límites, aínda que os traballadores pertencentes a ela estean domiciliados fóra dos ditos límites.

Artigo 3º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004 e rematará o 31 de decembro de 2004, con independencia da súa publicación no BOP.

Artigo 4º.-Absorción e compensación.

Todas as melloras económicas e de traballo que se implanten en virtude deste convenio colectivo serán compensadas e absorbibles ata onde alcancen os aumentos e melloras e coas que proceda establecer mediante disposicións legais que no futuro se promulguen, sexa cal fora o seu concepto.

Artigo 5º.-Comisión paritaria.

A comisión mixta paritaria que interpretará e vixiará o cumprimento do pactado neste convenio estará composta por:

-Tres representantes da empresa.

-Tres representantes dos traballadores da UXT.

En caso de non chegar a acordos na dita comisión, ambas as partes someteranse á competencia do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) de Lugo e á xurisdición laboral competente da mesma provincia.

Artigo 6º.-Salarios de convenio.

Os salarios de convenio establecidos para cada categoría profesional son os que figuran na táboa do anexo I.

Artigo 7º.-Denuncia e rescisión.

Cunha antelación mínima dun mes á data de remate do convenio, deberá ser denunciado por calquera das partes. A ausencia desta denuncia significará, en todo caso, a súa prórroga por un ano, en termos iguais aos deste texto articulado, agás o referente á táboa salarial, que deberá ser negociada pola comisión mixta paritaria.

Artigo 8º.-Antigüidade.

Devengarase ata dez trienios na contía do seis (6) por cento do soldo mensual do convenio que para cada categoría profesional se detalla no anexo I deste convenio, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 25.2º do Estatuto dos traballadores, Lei 8/1980, do 10 de marzo.

Artigo 9º.-Gratificacións extraordinarias.

Con carácter de complemento salarial, aboaranse dúas gratificacións extraordinarias, o 25 de xullo e Nadal, na contía, cada unha delas, de trinta días de salario e antigüidade, debendo

¹ Publicado no DOG núm. 22, do 2 de febreiro de 2004.

facerse efectivas o día laborable inmediato ao 24 de xullo e 22 de decembro, na forma que establece a ordenanza laboral.

Artigo 10º.-Complementos de participación en beneficios.

Con carácter de participación en beneficios, as empresas aboaranlles aos seus traballadores unha gratificación equivalente a trinta días de salario máis antigüidade; o seu pagamento efectuarase no primeiro trimestre de 2003.

Artigo 11º.-Devengo extrasalarial por accidentes de traballo e intervención cirúrxica.

As empresas aboaranlle ao traballador de baixa por IT por accidente de traballo, logo de presentación de documento acreditativo de baixa, e a partir do primeiro día de producirse esta ata os dezaioito meses de duración da dita baixa, o 100 por 100 do salario regulamentario de cotización.

Todo traballador, cun mínimo de dous anos de antigüidade na empresa, e logo de presentación da baixa, que se encontre hospitalizado, percibirá un devengo extrasalarial consistente na diferenza entre a cantidade percibida do seguro de enfermidade do INSS e o 100 por 100 do total resultante da suma de retribución do convenio e mais a antigüidade, todo iso durante un período de corenta e cinco días naturais, unha vez ao ano.

Artigo 12º.-Vacacións.

O persoal abranguido neste convenio colectivo desfrutará dun período natural de trinta e un días (31) de vacacións, que serán distribuídas preferentemente de xuño a setembro.

Artigo 13º.-Exposición do calendario de vacacións.

Todas as empresas afectadas por este convenio colectivo exporán antes do mes de maio o calendario de vacacións. Calquera discrepancia para o efecto será resolta pola comisión mixta paritaria.

Artigo 14º.-Roupa de traballo.

Con carácter xeral, as empresas suxeitas a este convenio proverán o persoal que, polo seu traballo o necesite, de maneira obrigatoria e dúas veces por ano, de batas, cofias e gorras, fundas e panos.

Artigo 15º.-Liquidación por cesamento.

Cando o traballador cause baixa na empresa, aboaráselle o importe da liquidación de salarios que legalmente corresponda, incluído o importe das gratificacións extraordinarias e de vacacións en proporción ao tempo traballado desde que se devengou a correspondente gratificación ou se desfrutaron as oportunas vacacións.

Igualmente, no suposto de que acredite dez anos de permanencia na empresa, percibirá como premio de constancia no traballo o importe de dúas mensualidades das súas retribucións vixentes na data da baixa.

Exclúense do cobramento das cantidades anteriores os supostos de extinción por falecemento do traballador ou empresario, invalidez ou xubilación do empresario, despedimentos procedentes e aquelas extincións en que o traballador teña dereito ao cobramento de indemnizacións previstas no Estatuto dos traballadores.

Artigo 16º.-Condicións máis beneficiosas.

Respectaranse aquelas situacións persoais que con carácter global excedan do pactado, manténdose estritamente ad personam, non sendo absorbibles as diferenzas económicas que se viñeron percibindo con respecto ao convenio do ano anterior.

Para todo o previsto neste convenio observarase o disposto na xornada laboral de alimentación.

Artigo 17º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de corenta horas semanais, de luns a venres.

Artigo 18º.-Modalidades de contratación.

Os contratos formalizados ao abeiro do artigo 15.1º b) do TRETETA para atender circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, poderán ter unha duración máxima de doce meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Artigo 19º.-Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico indivisible para efectos da súa aplicación e serán consideradas globalmente no seu conxunto anual. No suposto que a autoridade laboral, en uso das súas facultades, non aprobase algún dos pactos contidos neste convenio, as partes asinantes considerarán se é válido, por si só, o resto do texto aprobado ou ben se cómpre nova e total negociación.

Artigo 20º.-Cláusula de revisión salarial.

No caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC), establecidos polo Instituto Nacional de Estatística, rexistrase o 31 de decembro de 2004 un incremento superior ao 3 % respecto do 31 de decembro de 2003, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto como se constate a dita circunstancia, no exceso sobre a cifra indicada.

A revisión salarial ten carácter retroactivo con efectos do 1-1-2004. Esta revisión aboarase nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano 2005.

Artigo 21º.-Permisos retribuídos.

Serán tres os días con permiso retribuído, que serán desfrutados a libre disposición dos traballadores.

Artigo 22º.-Póliza de seguros.

A empresa subscribirá unha póliza que, en caso de accidente laboral con falecemento do traballador/a, será percibida, nunha contía de 9.015,18 euros, polo seu cónxuxe ou herdeiros legais e, en caso de invalidez permanente total ou absoluta, será o traballador/a o que perciba 12.020,24 euros.

Disposición derradeira

De conformidade co que establece o Real decreto lei 14/1981, do 20 de agosto, e para o caso de traballadores con 64 anos cumpridos que opten por acollerse á xubilación sen mingua dos seus dereitos, as empresas incluídas neste convenio obrigaranse a substituír a cada traballador que opte pola xubilación por outro traballador que sexa titular de dereito de calquera das prestacións económicas por desemprego ou xove demandante de primeiro emprego, mediante un contrato da mesma natureza có extinguido.

ANEXO I

Táboas de salarios definitivas 2003 (euros)

Categoría profesional	Soldo mensual	Soldo anual	Ant. mensual (por trienios)
Encargado	750,79	11.261,79	45,04

Oficial de 1ª e viaxante	734,13	11.012	44,97
Oficial de 2ª	720,03	10.800,40	43,19
Peón e axudante	695,15	10.427,19	41,71
Auxiliar administrativo	731,06	10.966	43,86
Aprendices (ano 2003)	451,20	6.768	

ANEXO II

Táboas de salarios provisional 2004 (euros)

Categoría profesional	Soldo mensual	Soldo anual	Ant. mensual (por trienios)
Encargado	773,30	11.599,55	46,39
Oficial de 1ª e viaxante	756,15	11.342,31	49,68
Oficial de 2ª	741,63	11.124,46	44,48
Peón e axudante	716	10.740,06	42,96

Auxiliar administrativo	753	11.295,03	45,17
Aprendices (ano 2004)	490,80	7.362	